



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

INSTITUTO  
DE ENSINANZA  
SECUNDARIA  
PEDREGAL DE IRIMIA

R/ Federico González López, S/N.  
27240 MEIRA (Lugo)  
Telf. 982 870 520 · Fax 982 870 527  
[ies.pedregal.irimia@edu.xunta.es](mailto:ies.pedregal.irimia@edu.xunta.es)  
[www.edu.xunta.es/centros/iespedregalirimia](http://www.edu.xunta.es/centros/iespedregalirimia)

## SORTEO PÚBLICO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNNS AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30/09), realizarase proximamente neste Centro a **renovación do CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Centro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- Director do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai, nai ou titor/a legal.
- Un alumno ou alumna.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito **sorteo**, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo dia **26 de outubro, ás 12:15 horas, na dirección do centro**.

**Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura** para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro. A Xunta Electoral, unha vez constituída, poñerá a disposición das persoas candidatas un **impreso para formalizar a candidatura** que se poderá recoller na secretaría do centro.

Meira, a 24 de outubro de 2022

O DIRECTOR DO CENTRO,

Asdo.: Mario Outeiro Iglesias